



ANUNCIO

APERTURA DE PRAZO PARA PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE UTILIZACIÓN DE VARIOS DEPARTAMENTOS NO PORTO DE LORBÉ.

Mediante o presente anuncio procedese á apertura dun prazo **ata o 15 de marzo de 2019**, para a presentación polos interesados de solicitudes de ocupación de ditos departamentos, conforme ás seguintes bases:

1. As solicitudes presentaranse nas oficinas da Zona Centro do Ente Público Portos de Galicia, situadas na Avenida Alfárez Provisional 5-1º, 15006 A CORUÑA, ou na forma indicada no artigo 38.4 da Ley 30/92, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, pero en todo caso deberá acreditarse a data e hora de presentación da solicitude.
2. Deberá aportarse a seguinte documentación:
 - a) Escrito de solicitude de ocupación dirixido a Portos de Galicia, Zona Centro, no que se detalle o nome ou razón social do petionario, dirección, teléfono e fax, no seu caso, e fotocopia do N.I.F. ou C.I.F. segundo corresponda, e indicando o departamento que se solicita. O modelo de instancia está a disposición dos interesados na oficina de Portos de Galicia no porto de SADA, e na páxina web: **www.portosdegalicia.com**
 - b) Documentación acreditativa das actividades do petionario no porto de **LORBÉ**, de acordo cos criterios seguintes:
 - En caso de armadores de buques de pesca/marisqueo, deberán presentar unha copia actualizada da folla de asento da embarcación, debidamente compulsada pola Capitanía Marítima, e acreditación da actividade de acordo co establecido na cláusula 4ª da presente convocatoria.
 - En caso de exportadores-comercializadores de pescado, deberán acreditar a actividade de acordo co establecido na cláusula 4ª.
 - En caso de armadores de 7ª lista, deberán presentar unha copia actualizada da folla de asento da embarcación debidamente compulsada pola capitanía marítima, copia compulsada do certificado de navegabilidade da embarcación, así coma orixinal ou copia autenticada do certificado que acredite o abono do seguro de responsabilidade civil da embarcación con vixencia no período onde se formaliza a solicitude.
 - Nos demais casos, a documentación deberá acreditar co máximo detalle posible as actividades desenvolvidas polo petionario no porto de LORBÉ.
 - c) No caso de que a petición se faga a nome dunha Sociedade, deberá presentarse fotocopia compulsada da Escritura de Constitución da Sociedade.





3. O Ente Público Portos de Galicia, á vista da documentación presentada, valorará as distintas solicitudes e procederá, no seu caso, ó outorgamento das autorizacións correspondentes, *darase preferencia ás solicitudes polo seguinte orden:*
- 1º) Armadores 3ª, sempre que a actividade acreditada xustifique a necesidade do departamento, e non dispoña de outro departamento autorizado neste porto.
 - 2º) *Exportadores*, sempre que a actividade acreditada xustifique a necesidade do departamento, e non dispoña de outro departamento autorizado neste porto.
 - 3º) *Armadores de 7ª lista, con preferencia os que teñan autorizada unha praza de amarre no porto ou teñan base nese porto;* e non dispoña de outro departamento autorizado neste porto. En caso de exceder o número de solicitudes o dos departamentos dispoñibles, a preferencia darase por orde de entrada en rexistro de acordo co establecido na Lei 30/92, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
 - 4º) *Outros usuarios. Sempre e cando os usos solicitados sexan conforme cos permitidos na **Delimitación dos Espazos e Usos Portuarios (DEUP)**, aprobado para o Porto, de ser o caso.*
- 4 A actividade á que se refire os puntos da presente convocatoria acreditarase do seguinte xeito:
- Buques pesqueiros/marisqueo: certificación das vendas en lonxa dos tres últimos anos asociado ó solicitante e ó buque. Para o cálculo do volumen anual farase unha media destes tres anos. No caso de solicitantes que iniciasen a actividade farase a media sobre os anos declarados. No suposto de que nos tres últimos anos se propuxesen cambios de embarcación por parte do titular, poderase acreditar a actividade tanto da nova como da vella durante ese período.
 - Marisqueo a pé: certificación das vendas en lonxa dos tres últimos anos relativo ó mariscador. Para o cálculo do volume anual farase unha media destes tres anos. No caso de solicitantes que iniciasen a actividade farase a media sobre os anos declarados.
 - Exportadores: certificación das compras en lonxa dos tres últimos anos do solicitante. Para o cálculo do volume anual farase unha media destes tres anos. No caso de solicitantes que iniciasen a actividade farase a media sobre os anos declarados.
 - So se terán en conta aqueles certificados anuais que superen un volumen de compras/ventas superior ó mínimo interprofesional. No suposto de embarcacións este mínimo interprofesional será multiplicado polo número de tripulantes da embarcación. O feito de non cumprir este requisito implicará a perda de prioridade no proceso de adxudicación sobre outros posibles solicitantes.
- No caso de que as vendas se acrediten nunha lonxa doutro porto, multiplicarase por 0,75 o importe acreditado se a lonxa está nun porto autonómico, e multiplicarase por 0,5 se as vendas acreditadas nunha Autoridade Portuaria.
- Terán prioridade as solicitudes dos propietarios de embarcación con base no porto onde se localiza o departamento, en segundo lugar os que teñan base nun porto que dependa da mesma confraría que o porto onde se localiza o departamento e en terceiro lugar os restantes. Para elo, o importe anual de vendas ponderarase multiplicándoas por 1,5 para embarcacións con base no mesmo porto, por 1,25 para os que teñan base nun porto dependente da mesma confraría e por 1 os restantes.





- No suposto de exportadores, ponderarase o volume de compras en lonxa de igual xeito, multiplicando por 1,5 para o volume acreditado na lonxa do mesmo porto, 1,25 para as compras en lonxas dependentes da mesma confraría e 1 para as restantes
- 5 As solicitudes tramitaranse una por cada titular, e no caso de armadores se poderá admitir una por cada embarcación da cal é propietario, sempre que se acredite a titularidade e a actividade de xeito desagregado
- 6 En caso de que algún solicitante xa dispoña dun departamento autorizado no porto de LORBÉ pasará ó final da lista de solicitantes da súa categoría a efectos de prioridade na adxudicación.
- 7 No serán admitidas as solicitudes das persoas ou entidades que teñan débedas pendentes co Ente Público Portos de Galicia.
- 8 De conformidade co disposto na normativa sobre facendas locais, Portos de Galicia repercutirá a parte da cuota líquida do imposto de bens inmobles en razón á parte do valor catastral que corresponde á superficie utilizada e á construción directamente vinculada a cada cesionario do dereito de uso
- 9 As condicións que rexerán a ocupación dos departamentos poderán ser examinadas nas oficinas de Portos de Galicia no porto de **SADA**, e na páxina web: **www.portosdegalicia.com** .

A Coruña, 22 de febreiro de 2019

A XEFA DA ZONA CENTRO


Asdo: Lorena Solana Barjacoba




ASUNTO: CONDICIÓN DE OUTORGAMENTO DAS AUTORIZACIÓNS PARA A UTILIZACIÓN DE DEPARTAMENTO NO PORTO DE LORBE.

A presente autorización réxese polas condicións xerais establecidas na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade autónoma de Galicia, polo regulamento de servizo, policía e réxime dos portos, aprobado por O.M. de 12 de xuño de 1976, e ademais as seguintes:

1º.- A autorización outórgase a _____ para utiliza-lo departamento, do **porto de LORBÉ**, cunha superficie total de **21,70 m²**.

O uso a que se destinará o departamento é exclusivamente o directamente relacionado coas actividades propias de _____ no porto de LORBÉ, non podendo almacenarse no mesmo ningún obxecto o mercadoría nin realizar actividade algunha que, a xuízo de Portos de Galicia, non estea relacionada con aquelas, e en ningún caso almacenarse materiais inflamables ou explosivos.

O outorgamento desta autorización non exime ó seu titular da obtención e mantemento en vigor das licencias, permisos e autorizacións que sexan legalmente esixibles.

2.- Esta autorización outórgase ata o -----, e considerarase extinguida ó vencemento de dito prazo, estando obrigado o titular da autorización a desaloxa-lo dominio público ocupado.

3ª.- A utilización do departamento quedará baixo a vixilancia e inspección do persoal de Portos de Galicia. Se, a xuízo de Portos de Galicia, o tipo de mercadoría ou a forma do seu almacenamento non se axustase ó uso autorizado do departamento, ou constituíse perigo ou molestia, poderá este ordenar o seu levantamento con cargo ó usuario e sen prexuízo das sancións ás que este se fixera acredor. Estará totalmente prohibido gardar vehículos no departamento.

Prohíbese a realización de calquera obra ou instalación de carácter permanente no departamento. Calquera tipo de obra ou instalación de carácter non permanente que o petionario desexe realizar deberá contar coa previa autorización de Portos de Galicia, quen poderá prohibi-la ou introduci-las modificacións que considere oportunas.

Non se poderán realizar obras ou instalacións de calquera tipo que supoñan incremento da superficie na planta ocupada orixinariamente polo departamento.

4ª.- Se por necesidades do servizo fora preciso desaloxa-la ocupación autorizada, o titular desta deberá deixar libre a mesma no prazo que se lle indique polo Ente Público. Transcorrido dito prazo sen realiza-la operación de desaloxo aplicarase a regra novena da tarifa E-2 tanto no referente á tarifa a facturar como á retirada dos materiais depositados no dominio público ocupado.

5ª.- Portos de Galicia non será responsable do deterioro ou mingúa das mercadorías, máquinas ou útiles que puidera haber no departamento, sexa cal fora a causa, nin dos accidentes que puideran producirse no mesmo.





6ª.- Queda expresamente prohibido o arrendamento, enaxenación ou calquera outro negocio xurídico que permita a terceiros o uso do departamento.

7ª.- O titular da autorización aboará, por trimestres vencidos, a Tarifa E-2. Almacenaxe, locais e edificios, para a superficie cuberta, recollida na Lei 6/2003, de 9 de decembro de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, coas actualizacións que correspondan en cada momento. Na data do outorgamento o importe da taxa é de **0,053092 €/m² e día para superficie de planta ocupada.**

No valor da tarifa non está incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, debendo aplicarse a dito valor os tipos impositivos vixentes en cada momento.

O titular da autorización deberá domicilia-lo abono das liquidacións emitidas por Portos de Galicia relativas á tarifa E-2 orixinada pola ocupación que se autoriza nunha entidade bancaria.

8ª.- Con independencia da tarifa estipulada na condición anterior, o titular da autorización está obrigado a aboar as correspondentes tarifas de servizos directos ou indirectos que poida recibir, excepto a de ocupación de superficie correspondente ó departamento obxecto da autorización.

9ª.- O titular da autorización está obrigado a conservar en bo estado o dominio público autorizado, así como a mantelo en perfectas condicións de limpeza, hixiene e seguridade.

Así mesmo tomará as máximas medidas de seguridade para evitar calquera tipo de polución ou contaminación tanto na zona portuaria como nos seus aledaños, quedando expresamente prohibido o vertido de residuos ó mar, debendo cumprir en cada momento a normativa vixente nestas materias.

Se o estado de conservación das instalacións portuarias ou se as medidas tomadas polo titular da autorización para evita-la contaminacións foran insuficientes a xuízo do ente público, Portos de Galicia poderá suspender calquera tipo de operación na instalación sen que o petionario teña dereito a ningunha indemnización

10ª.- O cese na actividade para o que se autoriza a ocupación, a utilización do departamento para uso distinto do especificado na condición 1ª, ou o incumprimento de calquera das condicións anteriores, será causa de anulación inmediata da presente autorización.

